

O REINADO DE FERNANDO VII. 1814-1833.

Fernando VII é considerado pola maioría dos historiadores como o Rei máis nefasto da Historia de España. A xente que o tratou considerábo inculco, covarde, capaz de xurar unha cousa e a contraria e incapaz de ter unha idea sobre a súa liña de goberno. Ademais non foi capaz de elixir colaboradores capaces. A maioría dos seus ministros eran incompetentes e corruptos.

O seu reinado representa a volta ó Antigo Réxime, é dicir, o regreso a 1808, o remate da obra das Cortes de Cádiz e a abolición da Constitución de 1812.

Co seu reinado iníciase por primeira vez en España a experiencia do “delito político”. Os Liberais, a semellanza dos afrancesados, sufrirán o primeiro exilio político en España e atoparán en Londres o seu refuxio natural.

Os liberais, ademais da represión, van sufrir a **exclusión do sistema político**. A realidade de que os partidos da oposición permanezan afastados do goberno e das institucións será a tónica habitual durante a meirande parte do s. XIX. A exclusión terá como consecuencia que o único recurso que teñen os grupos ou partidos políticos afastados do poder para acadalo sexa o emprego da violencia, seguindo como modelo o pronunciamento.

Outro trazo significativo do reinado de Fernando VII é a ineficacia dos seus gobernos, incapaces de solucionar os graves problemas polos que atravesaba o Reino. O máis grave é o estado da Facenda Pública. O país enormemente endebedado despois da guerra, perderá o crédito doutros países e verase incapaz ante o conflito que se desenvolve no continente americano. O goberno de Fernando VII será incapaz de acadar os recursos suficientes para evitar a independencia dos novos países da América continental como Arxentina, Chile, México, Venezuela...

O FIN DA GUERRA DE INDEPENDENCIA

Entre os factores que favorecen o restablecemento do Absolutismo en España, xunto co triunfo da Restauración e do compromiso por parte da Santa Alianza de impedir calquera goberno liberal en Europa, hai que destacar o escaso apoio do Liberalismo por parte do exército e da maioría do pobo, partidario do Rei Fernando VII, O Desexado, e alleo ós principios do liberalismo, que se ven atacados por grande parte do clero. A oposición da nobreza e o clero ó Liberalismo increméntase trala abolición da Inquisición en 1813. Desde febreiro de 1813, en que as Cortes de Cádiz firman o **decreto de abolición da Inquisición**, nos territorios abandonados polos franceses, empézase a espallar o conflito entre liberais e importantes sectores da nobreza, do clero e das elites políticas vinculadas ó Antigo Réxime (opostos á obra liberal das Cortes de Cádiz, á Constitución e ó Liberalismo). Estes sectores **dificultarán a aplicación dos principios do Liberalismo e prepararán a volta de Fernando VII e do Absolutismo**.

Os novos aires que dominan Europa trala derrota de Napoleón, co dominio de Austria, Prusia, Rusia e Francia, membros da Santa Alianza e defensores do Lexitimismo e da Restauración do Antigo Réxime e do Absolutismo Político, favorecen a volta ó Absolutismo en España.

Outro factor que contribúe á debilidade do liberalismo en España en 1814 é o feito de que as propias **Cortes mudaran a súa composición en 1813**. A maioría dos novos deputados pertencen ós estamentos privilexiados. Os deputados aprobarán o traslado das **Cortes de Cádiz a Madrid**, onde nacerá un grupo opositor de deputados absolutistas.

Os liberais non van contar co apoio da poboación, que na súa maior parte permanece indiferente, nin do exército, dirixido por xenerais aristócratas como La Romana.

O REGRESO DE FERNANDO VII. 1814.

En decembro de 1813 Napoleón proponlle a Fernando un acordo secreto de paz coa esperanza de conseguir a neutralidade de España e coa promesa do Rei español dunha amnistía para os afrancesados. Este **Tratado de Valençay non tería ningún efecto** pois as propias Cortes decidiran non recoñecer ningún tratado que puidera firmar o Rei mentres estivera en cativeiro.

O 24 de marzo de 1814, Fernando VII regresa a España. Abandona o percorrido previsto polas Cortes e decide non acatar a Constitución, o que prometera un mes antes. O Rei vai contar ademais coa axuda do exército do **xeneral Elío que proclama ó Rei e a plenitude dos seus dereitos**. En Valencia vaise atopar cun grupo de representantes das Cortes, **69 deputados, contrarios á Constitución** e a toda a lexislación das Cortes de Cádiz durante a Guerra, que mediante un manifesto, coñecido como o “**manifesto dos persas**”, fan unha petición ó Rei para que poña fin ó réxime constitucional e a volta ó Absolutismo.

O Rei fará aplicar o **Real Decreto do 4 de maio** que declaraba nula a Constitución de 1812 e todos os decretos das Cortes e encarcerará ó seu paso a todos os liberais. Con este “**golpe de Estado**” que non respectaba a vontade das Cortes e derogaba a Constitución, **volvíase impoñer a situación anterior a 1808**.

ETAPAS DO REINADO DE FERNANDO VII:

- **O SEXENIO ABSOLUTISTA. 1814-1820**
- **O TRIENIO CONSTITUCIONAL. 1820-1823**
- **A DÉCADA OMINOSA. 1823-1833.**

O SEXENIO ABSOLUTISTA. 1814-1820.

Fernando VII vai **restablecer** as vellas institucións administrativas do **Antigo Réxime**: Sistema de Consellos, Secretarías de Despacho, Capitanías Xerais, Audiencias e Chancelerías. **Cesou ós concellos** e volveu nomear correxidores e alcaldes maiores.

Recupera os **antigos privilexios, exencións fiscais e rendas señoriais**, suspéndese a Desamortización e restablécese o sistema fiscal do Antigo Réxime. Restablécense os gremios, o Honrado Concejo de La Mesta...

A política de Fernando VII neste período será totalmente **inmobilista e arbitraria**. O goberno, sen coordinación entre ministros e cuns gabinetes moi inestables (vida media dos ministros uns 6 meses) estará formado por unha camariña de fieis e **incompetentes ministros**, incapaces, desde as condicións do Antigo Réxime, de afrontar os **problemas** cos que se atopan: **un país arruinado** pola guerra, a **depresión económica** e o inicio dos **movementos independentistas de América**. A estas circunstancias hai que engadir o **colapso comercial, a gran débeda do Estado** incrementada durante a guerra da Independencia e a guerra e a perda das colonias en América (diminución dos ingresos e incremento dos gastos do exército e da mariña).

Neste período **inténtase unha reforma de Facenda por Garay**, de difícil aplicación (pretendía racionalizar a tributación e impoñer unha maior aportación da nobreza e da Igrexa: imposto directo sobre a España rural e indirecto para capitais de provincia e portos), que non consegue reducir a débeda, pero vai provocar grande descontento social.

O espallamento e o triunfo das arelas de Independencia nas posesión españolas en América consolídanse ante a incapacidade do goberno de conseguir reunir unha flota para embarcar o exército cara a América, ó mesmo tempo que se produce o escándalo da compra, por parte da camarilla do Rei, dunhas naves rusas que estaban en pésimas condicións.

No reinado de Fernando VII iniciárase un tipo de acción militar que coñecemos co nome de **pronunciamiento**, un levantamento de parte do exército que se pronuncia a favor de implantar unha monarquía liberal continuadora do labor das Cortes de Cádiz.

O recurso ó Pronunciamiento:

A resposta de **Fernando VII** á experiencia de Cádiz foi a **prohibición da Constitución** e o labor das Cortes de Cádiz. A súa política fronte a Liberais e Afrancesados foi de **represión sistemática**. Os afrancesados máis destacados sufriron o exilio, os que se quedaron, a depuración e inhabilitación dos seus empregos. **Os liberais foron castigados co presidio ou ben tiveron que exiliarse**. Con Fernando VII iníciase en España o **delito político** (persecución polo pensamento e ideas contrarias ó Réxime) e a experiencia do exilio dos opositores políticos (práctica vixente en España ata 1975).

O recurso á violencia, dada a persecución (encarceramento, exilio...) e exclusión dos liberais, iniciará un tipo de acción militar que coñecemos co nome de pronunciamiento.

Principais pronunciamentos liberais entre 1814 e 1820.

1814. Espoz y Mina en Pamplona

1815. Porlier en A Coruña.

1816. Conspiración do Triángulo. Pretendían secuestrar ó Rei e obrigarlle a xurar a Constitución

1817. Conxuración de Lacy e pronunciamento de Milans del Bosch en Barcelona.

1818. Conspiración de sociedades secretas en Andalucía.

1819. Conspiración de Vidal en Valencia, fortemente reprimida

1820. Pronunciamento de Riego en Cabezas de San Juan

O pronunciamento de Riego tivo como protagonistas ó **exército que se reunira en Cádiz** co obxecto de **embarcarse cara á América** española para loitar contra os independentistas americanos. Podemos sinalar algúns factores deste pronunciamento:

- O crecente descontento de amplas capas da sociedade española, entre eles as máis castigadas pola **crise económica e de Facenda** como os comerciantes.

- A existencia dunha **masa militar descontenta**, recrutada á forza para combater en América, e con moi malas perspectivas futuras no caso de embarque, que participarán voluntariamente no pronunciamento.

- A acción de **sociedades secretas** masónicas como “Taller Sublime”, “Soberano Capítulo” que lograrían adeptos entre a oficialidade das tropas que ían ser embarcadas.

- A acción dos conxurados levou ó **retraso do embarque**, sobre todo polo rumor do mal estado dos barcos rusos que se atopaban en Cádiz.

O pronunciamento iniciase coa **proclamación da Constitución de 1812 por Riego en Cabezas de San Juan o 1 de xaneiro de 1820**. Aínda que o levantamento militar fracasou, este **iniciou un movemento liberal nas principais cidades** que se inicia na segunda quincena de febreiro en A Coruña.

Nesta cidade elementos civís e militares dirixidos polo coronel Acevedo proclaman a Constitución de 1812 e forman unha Xunta de Goberno de Galicia. A sublevación espállase primeiro en Galicia por Ferrol, Vigo, Pontevedra e Lugo e posteriormente a Zaragoza, Pamplona ou Barcelona. Espallouse tamén ata o mesmo exército que se preparara para enfrontarse ós liberais, o seu xefe, o xeneral de La Bisbal proclama a Constitución en Ocaña e, en Madrid, o xeneral Ballesteros comunica ó Rei que non se pode contar coa guarnición.

Ante o alcance da sublevación e ante a debilidade do propio exército e do Estado absolutista, o propio Rei Fernando VII veuse obrigado a aceptar e acatar a Constitución de 1812: “ Marchemos francamente, y yo el primero, por la senda constitucional “.

O TRIENIO CONSTITUCIONAL. 1820-1823.

Esta etapa suporá o **espallamento da cultura política liberal**, principalmente polas **cidades** grazas á liberdade de imprenta, a difusión da prensa, a proliferación dos **cafés, a liberdade de reunión e as sociedades patrióticas e clubs de debate político**.

Desde o punto de vista social, o Trienio vai contar co **descontento dos estamentos privilexiados**. Da **nobreza**, pola *desvinculación e a abolición dos señoríos* e do **clero** a partir da *lei de regulares e as medidas desamortizadoras*.

Pola contra, o **régime constitucional** conta co **apoio dos intelectuais, profesionais liberais, oficiais, comerciantes e posuidores de vales da débeda pública**.

A Obra Lexislativa do Trienio

A obra do trienio comeza coa **recuperación** de toda a obra e **decretos das Cortes de Cádiz**, así como da **Constitución de 1812**.

Liberdades económicas (*comercio, industria e arrendamento...*), unha **nova concepción da propiedade** (*desvinculación dos morgados e abolición do réxime señorial*) que ven acompañada da desamortización. Por primeira vez se vai aplicar o **proceso desamortizador** propio do s.XIX (antecedente da desamortización de Mendizábal), que vincula a reforma do clero e a declaración dos seus bens como nacionais, a súa poxa en grandes lotes así como a posibilidade de pago con vales reais.(favoreceu ás grandes fortunas e non mellorou a situación do campesiñado) A desamortización aplícase co

obxectivo de abordar o principal problema do Estado desde o Antigo Réxime, a **grande débeda pública**.

En canto á Igrexa, **suprímese a Inquisición, a Compañía de Xesús, limítase o número de relixiosos** e prohibese a fundación de novos conventos. **Todos os bens das comunidades suprimidas foron desamortizadas.**

A división dos Liberais en Moderados e Exaltados

No Trienio vaise producir a división dos liberais entre moderados e exaltados.

Os **moderados**, compartían a esperanza de que Fernando VII aceptara un liberalismo máis moderado que o de Cádiz. *Disolven as sociedades patrióticas* (defensoras das posturas máis radicais do Liberalismo) e poñen *límites á liberdade de expresión*.

Martínez de la Rosa, Argüelles, Pérez de Castro... Son **partidarios da transacción e do pacto cos estamentos privilexiados**. Cren que non é posible ó achegamento ás elites coa Constitución de 1812, e son **partidarios dunha nova Constitución onde se fortalezan os poderes do Rei respecto ás Cortes, e se implante a soberanía compartida e a existencia dunha segunda Cámara (o Senado** que corrixa os excesos do Congreso).

Os **exaltados**: Máis radicais. **Evaristo San Miguel, Calatrava... Defenden** o papel da **Milicia Nacional** como defensora do Orde Público e da **Constitución de 1812**, que consideran intocable, a **electividade nos concellos**, a **maior participación política**, a **soberanía nacional**...

Os exaltados ocuparon o goberno desde 1822, cando a Milicia Nacional abortou o motín da Garda Real que intentaba impoñer o Absolutismo. A súa política centrábase no obxectivo de rematar coa partidas realistas que se forman en defensa do Absolutismo.

A oposición absolutista. as Partidas Realistas

Desde o punto de vista político, durante o Trienio foron constantes os enfrontamentos entre o **Rei** e as Cortes. O Rei seguirá unha **política obstrucionista**: *veta a lei de abolición dos señoríos, anima movementos antiliberais* (aclamación como rei absoluto pola Garda real en xuño de 1822) e *solicita secretamente a axuda exterior da Santa Alianza*.

Os **absolutistas** van recorrer á **conspiración e á revolta**. A súa xustificación era que o Rei estaba secuestrado e que o novo réxime era ilexítimo e que se impuxera froito da conspiración liberal. **O clero** recupera o seu papel protagonista, a semellanza de 1813 (afectado pola supresión da Inquisición, a Lei de regulares, a desamortización...). A súa mensaxe vai ter eco na sociedade rural do Norte da Península, Cataluña, Meseta Norte, Navarra e País Vasco onde tamén é importante a defensa dos foros.

A manifestación armada dos absolutistas foron as **partidas realistas** que actúan como partidas guerrilleiras semellantes ás da Guerra de Independencia. As partidas realistas van ser quen de establecer unha **Rexencia na Seo de Urgel** en espera da axuda estranxeira.

Influencia do Trienio Liberal

A experiencia liberal do Trienio tivo o seu eco fóra de España e ocasionou o que se coñece como **vaga revolucionaria de 1820**, co triunfo ou intento de experiencias liberais en Portugal, Dúas Sicilias, Piemonte-Sardegna, Francia e Rusia.

A DÉCADA OMINOSA. 1823-1833.

En 1822 as potencias da **Santa Alianza**, Austria, Prusia, Rusia e Francia acordan no **Congreso de Verona** a invasión de tropas francesas para rematar co réxime constitucional do Trienio, os **“Cen mil fillos de San Luís”** ó mando do Duque de Angulema. As tropas francesas entraron en España acompañadas por partidas realistas e como defensoras da lexitimidade, do orde e co obxecto de salvar ó Rei do seu secuestro, ademais evitaron causar calquera molestia ó pobo que respondeu con indiferenza ante a invasión, agás nalgúns núcleos como A Coruña ou Cádiz. As Cortes trasladaron ó Rei a Sevilla. O avance do exército francés obrigou ás Cortes a trasladarse a Cádiz. O Rei negase e as Cortes nomean unha Rexencia tras declarar a alienación do monarca. Asediada Cádiz, as Cortes acceden a liberar ó Rei o 1 de outubro.

Fernando VII volve como rei absolutista, tras decretar no **Manifesto do Porto de Santa María** a abolición de todas as leis e institucións creadas durante o Trienio Liberal. 45.000 soldados franceses permanecerán en España ata 1828 para garantir a Monarquía de Fernando VII.

O alcume de **ominosa** para esta década fai referencia á **represión intensa** que se vai desenvolver neste período: *Captura e execución de Riego*; formación de *xuntas de purificación* nas provincias (depuración de máis de 20.000 funcionarios,), comisións militares para *depurar o exército* (1.000 oficiais do exército cesados, 132 fusilados), **represión de liberais** (execución de Mariana Pineda), represión das conxuracións e de todos o intentos de pronunciamento,(a maioría preparados polo exilio en Londres, Xibraltar e París,) desde o de Valdés en 1824 ata o último de Torrijos en 1831. A partir desta data **nos sectores liberais moderados afianzarase a idea dunha transición pactada**, 1832-34, do que o cumio é o Estatuto Real de 1834.

Despois de rematar coa experiencia do Trienio Constitucional e volver impoñer o Absolutismo, **Fernando VII non repón a Inquisición e non asegura o disfrute dos empregos dos realistas que interviñeran contra os liberais en 1823.**

A principal novidade nesta etapa é que **entre as filas absolutistas vanse desenvolver 2 tendencias. Reformistas e Apostólicos.**

Os partidarios de reformas administrativas (herdeiros do Despotismo Ilustrado, partidarios da modernización da Administración, pero sen ningunha apertura política cara ó Liberalismo) asumen como obxectivo abordar **e sanear os problemas do Estado**: Reordenan o servizos financeiros, inauguran o sistema de presupostos anuais, crean o Tribunal de Contas o Banco de San Fernando, a Bolsa de Madrid, a división en provincias de Javier de Burgos... Aínda así as reformas non resolveron os principais problemas: Ameaza de quebra da Facenda, a crise de produción agraria e gandeira e a desorganización da Administración. Entre as figuras máis sobresaíntes podemos destacar a Cea Bermúdez.

As reformas dividiron ós absolutistas e así xurdirán os **realistas inmovilistas ou apostólicos** que fan unha **defensa extrema do Antigo Réxime** e que pouco a pouco se van ir decantando pola *figura de Don Carlos*, irmán do Rei. Defendían a relixión como fundamento da Monarquía e pedían plena autonomía para os voluntarios realistas. Os apostólicos consideran que cada reforma é unha traizón e unha concesión ó Liberalismo, avogaban xa desde 1823 pola *reposición da Inquisición* e queixábanse do incumprimento das promesas económicas recibidas de Fernando VII pola súa participación armada durante o trienio en favor do Absolutismo. Encabezarán algúns levantamentos armados, reprimidos por Fernando VII (como a revolta dos agraviados en 1827, voluntarios realistas que contan co apoio do clero rural e do campesiñado catalán, que se erguen baixo o lema de ¡ Viva a relixión, viva o Rei absoluto, viva a Inquisición...)

Ó final do reinado, ante o problema sucesorio a partir da Pragmática Sanción, que remataba coa Lei sálica, permitía reinar á filla de Fernando VII e afastaba da sucesión a Carlos, irmán de Fernando VII, producírase o enfrontamento entre os partidarios de Isabel cos partidarios de Carlos. Os absolutistas reformistas acabarán uníndose cos liberais moderados en apoio da raíña Isabel II e participarán na experiencia da transición pactada cara ó Liberalismo trala morte do Rei. Os realistas apostólicos tomarán partido por Don Carlos na guerra que os enfrontará ós partidarios de Sabela II, a 1ª Guerra Carlista.

O Problema sucesorio: A Lei Sálica fora introducida en España por Felipe V, seguindo a tradición francesa. A Lei de Sucesión fundamental, non excluía totalmente ás mulleres pois establecía que as mulleres non podían suceder ó Rei morto cando houbera lexítimos descendentes varóns na liña principal (fillos) ou colateral (irmáns e sobriños), pero si, se non existían varóns nestas liñas. En **1789, Carlos IV** fixera aprobar polas Cortes unha disposición, **A Pragmática Sanción**, que restablecía a tradición castelá que proviña das Sete Partidas, que recoñecía a posibilidade de que a filla maior accedera ó trono, se non houbese ningún fillo varón.

A Pragmática Sanción fora aprobada, pero non promulgada por Carlos IV, pois as Cortes de 1789 disolvéronse por causa dos sucesos revolucionarios en Francia e polo medo ó contaxio do movemento

revolucionario que se iniciara en Francia coa Proclamación dos representantes dos antigos Estados Xerais (as nosas Cortes) en Asemblea Nacional.

O 29 de abril de **1830**, o **Rei Fernando VII decide publicar a Pragmática Sanción**, co que se declaraba abolida a Lei Sálica. Despois do nacemento de Sabela, firmou un **Real Decreto** no que se recoñecía á súa filla o título de **Princesa de Asturias**, herdeira ó trono e “lexítima sucesora á miña Coroa mentres Deus non me conceda un fillo varón”.

Con esta medida apartaba ó seu irmán Carlos da sucesión do reino. **Carlos María Isidro** e a súa muller **María Francisca de Braganza** eran profundamente tradicionalistas e contaban co apoio dos absolutistas e dos defensores do Antigo Réxime. En **setembro de 1832**, estes sectores, encabezados polo ministro de Gracia e Xustiza Calomarde, aproveitan a enfermidade e a debilidade do Rei (ameazando coa inevitable guerra civil que sucedería no caso de que o Rei non respectase a Lei Sálica) para conseguir que este firmase **un decreto que anulaba a Pragmática Sanción**.

Aínda que a intención era que permanecese en secreto, unha vez coñecedores do cambio, os moderados e a esposa do irmán menor de Fernando VII, Francisco de Paula, a infanta **Luisa Carlota**, partidarios da Pragmática Sanción, (tralo seu incidente con Calomarde. “mans brancas non ofenden”) influíron para que o Rei, unha vez mellorada a súa saúde, actuase en consecuencia derogando o decreto de setembro.

En outubro **a raíña destituíu ó goberno**, nomeou a Cea Bermúdez, **substituíu ós principais mandos políticos e militares** que podían ser partidarios de Don Carlos, **privóuselle ós voluntarios realistas de obter fondos** e aprobouse unha **ampla amnistía ós liberais**.

O 1 de xaneiro de **1833** Fernando VII firma un decreto no que declaraba **nula a derogación da Pragmática Sanción** (moi propio do Rei). En xuño as Cortes recoñeceron a Sabela como Princesa de Asturias. En setembro Fernando VII morre e no seu testamento nomea como Rexente á súa muller María Cristina. Carlos María Isidro non recoñece a ningunha das 2 e proclámase Rei en Abrantes, iniciándose así a 1ª Guerra Carlista.

TEXTOS

Señor: era costume dos antigos persas pasar cinco días de anarquía despois do falecemento do seu rei, a fin de que a experiencia dos asasinatos, roubos e outras desgrazas lles obrigase a ser máis fieis ao seu sucesor. Para selo España á VM non necesitaba igual ensaio nos seis anos da súa catividade. (...). Máis, como en ausencia da VM se mudou o sistema (...) e nos encontramos á fronte da nación cun congreso que decreta o contrario do que sentimos (...), cremos un deber manifestar que (...) a monarquía absoluta (...) é unha obra da razón e da intelixencia: está subordinada á lei divina, á xustiza e ás regras fundamentais do Estado. Foi establecida por dereito de conquista ou pola submisión voluntaria dos primeiros homes que escolleron os seus reis. (...)

Non podendo deixar de pechar este respectuoso Manifiesto (...) coa protesta de que se estime sempre sen valor esa Constitución de Cádiz e por non aprobada pola VM

“Manifiesto dos Persas”. 12-4-1814

En 1814, tras a derrota francesa, Fernando VII retornou a España e, pouco despois, decretou a supresión da Constitución de Cádiz, medida que contou co apoio dos absolutistas.

As Cortes (...) no mesmo día da súa instalación (...) despoixáronme da soberanía, pouco antes recoñecida polos mesmos deputados, atribuíndoa nominalmente á nación para apropiarse para si eles mesmos e dar a esta, despois sobre tal usurpación, as leis que quixeron, impoñéndolle o xugo de que forzosamente as recibise nunha nova Constitución (...); e o que era verdadeiramente obra

dunha facción, revestíase (...) de vontade xeral, e por tal fíxose pasar a duns poucos sediciosos (...) que (...) ocasionaron aos bos coidados e pesadumes (...).

Por tanto, oído o que unanimemente me teñen informado (...), declaro que o meu real ánimo é non soamente non xurar nin acceder á dita Constitución nin a decreto algún das Cortes xerais e extraordinarias e das ordinarias actualmente abertas, a saber, os que limiten os dereitos e prerrogativas da miña soberanía (...) senón declarar aquela Constitución e tales decretos nulos e de ningún valor nin efecto, agora nin en tempo algún, como se non houbesen pasado xamais tales actos.
FERNANDO VII. **Decreto de anulación** [Const. decret das Cortes]. Valencia, 4-5-1814

Tras o seu retorno a España e contando co apoio dos absolutistas, Fernando VII e os seus gobernos foron desmontando todas as medidas adoptadas polo réxime liberal das Cortes de Cádiz, por medio de sucesivos decretos e circulares, e restaurando o sistema do Antigo Réxime.

Tiven a ben mandar: Que os chamados señoríos xurisdiccionais sexan reintegrados inmediatamente na percepción de todas as rendas, froitos, emolumentos, prestacións (...) que gozaban antes do 6 de agosto de 1811.

FERNANDO VII. **Real Cédula**. 8-10-1814

Vendo con desagrado meu o menosprezo do prudente uso que debe facerse da imprenta, que, en vez de empregala en asuntos que sirvan á sa ilustración do público, ou a entretelo honestamente, se emprega en desafogos e contestacións persoais, que non só ofenden os suxeitos contra os que se dirixen, senón a dignidade e decoro dunha nación (...), convencido por Min mesmo de que os escritos que particularmente adoecen deste vicio son os chamados periódicos e algúns folletos, (...) veño prohibir todos os que desta especie se dan á luz dentro e fóra da Corte; e é a miña vontade que só se publiquen a Gaceta e o Diario de Madrid.

FERNANDO VII. **Real Decreto**. 30-3-1815

“Desexando, pois, prover de remedio a tan grave mal, e conservar nos meus dominios a Santa Relixión de Xesucristo, (...) crín que sería moi conveniente nas actuais circunstancias retornase ó exercicio da súa xurisdición o tribunal do Santo Oficio.”

Real Cédula de Fernando VII restaurando a Inquisición. 23-07-1814

Os Pronunciamentos:

O deterioro da economía alentou o descontento militar. A falta de recursos obrigou a licenciar a un alto número de oficiais e soldados incorporados ó exército na Guerra da Independencia, moitos deles vellos guerrilleiros. Algúns oficiais de orixe popular, ascendidos por actos de guerra, foron desprazados por outros de orixe aristocrática. Os mandos sospeitosos de contaxio liberal foron separados do servizo ou destinados a postos irrelevantes e viron bloqueadas as súas carreiras... Porén ó longo destes seis anos (1814-1820) proliferaran os pronunciamentos militares dirixidos a restituír a Constitución de Cádiz, capitaneados por oficiais liberais que conspiraban coordinados con tramas civís, clandestinas, refuxiadas en organizacións secretas como a masonería. Pronunciamentos que foron reprimidos coa máxima dureza.

Miguel Martorell e Santos Juliá. Manual de Historia política e social de España.

.-Manifesto que dirixe á Nación española a Xunta Provincial de Galicia, presidida por Juan Díaz Porlier, en 1815:

“Espanóis: (...). Obrigados pola necesidade, vendo que a verdade non pode chegar aos oídos do rei, sitiado a toda hora polos seus conselleiros (...), tomamos a terrible, pero indispensable, resolución de reclamar coas armas na man o que se negou ás nosas solicitudes.

O noso obxecto é o de España enteira: unha monarquía sometida a leis xustas e sabias, e constituída dun xeito que sexa garantía, o mesmo das prerrogativas do trono que dos dereitos da nación. Pedimos a convocatoria de Cortes nomeadas polo pobo, e que estas teñan liberdade de facer na Constitución proclamada polas Cortes extraordinarias, os cambios que esixe a nosa situación”

Doc.3.-Fernando VII acepta a Constitución de Cádiz o 10 de marzo de 1820:

“Mentres eu meditaba maduramente coa solicitude propia do meu paternal corazón as variacións do noso réxime fundamental que parecían máis adaptables ao carácter nacional e ao estado presente das diversas opcións da monarquía española, así como máis análogas á organización dos pobos ilustrados, fixéstesme comprender a vosa arela de que se restablecese aquela Constitución que entre o estrondo das armas hostís foi promulgada en Cádiz no ano de 1812, ao propio tempo que con asombro do mundo combatiades pola liberdade da patria. Oín os vosos votos, e como tenro pai condescendín ao que os meus fillos consideran que conduce á súa felicidade. Xurei esa Constitución pola que deveciades, e sempre serei o seu máis firme apoio (...). Marchemos francamente, e eu o primeiro, pola senda constitucional (...)”.

En España, as ideas liberais foron combatidas polos absolutistas ou realistas, defensores dos poderes de Fernando VII, a quen consideraron prisioneiro dos liberais e da Constitución.

Españois: desde o 9 de marzo de 1820 o voso rei Fernando VII está cativo, impedido de facer o ben ao seu pobo e rexelo polas antigas leis, Constitución, foros e costumes da Península, promulgados por Cortes sabias, libres e imparciais. Esta novidade é obra dalgúns que, antepoñendo os seus intereses ao honor español, se prestaron a ser instrumentos para trastornar o altar, os tronos, a orde e a paz da Europa enteira (...). As reais ordes que se vos comunican no nome da SM son sen a súa liberdade ou coñecemento; a súa real persoa vive entre insultos e amarguras desde que, sublevada a parte do seu exército e ameazada de maiores males, se viu forzado a xurar unha Constitución feita durante o seu anterior cativerio.

REXENCIA SUPREMA. Proclama aos españois. Urgell, 15-8-1822 [castelán]

En 1823, os monarcas absolutistas europeos, en aplicación dos acordos de Verona, enviaron un exército francés, coñecido como os Cen mil fillos de san Luís, para loitar contra os liberais e devolver o poder absoluto do rei Fernando VII, rematando así o Trienio Liberal.

Xenerosos españois: Despois de tres anos de calamidades públicas que trouxeron sobre a nación a rebelión dalgúns dos seus malos fillos, amenceu por fin sobre as tebras do voso dolor o día da paz o benéfico influxo da orde e da xustiza.

Europa conmovida das vosas aflicións e fatigada do grito da sedición, interesase vivamente en poñer termo aos vosos males; e un xeneroso neto de san Luís, á fronte dun exército cheo de lealdade e de gloria, entra polas vosas fronteiras a auxiliar os vosos esforzos. (...)

Sexa, pois, a máis perfecta unión a divisa da nosa nobre causa, e non encontre máis que unha vontade onde non hai máis que unha opinión e un mesmo interese que é o de salvar a relixión, o rei e a patria.

XUNTA PROVISIONAL DO REINO. Manifesto. Baiona, 6-4-1823 [castelán]

Doc.4.-Logo da intervención da Santa Alianza, Fernando VII anula en 1823 os actos do goberno constitucional:

“Sentado xa outra vez no trono de San Fernando pola man sabia e xusta do Omnipotente, polas xenerosas resolucións dos meus poderosos aliados e polos denodados esforzos do meu primo, o duque de Angulema (...)vin decretar o seguinte:

1º. Son nulos e de ningún valor todos os actos do goberno chamado constitucional (de calquera clase e condición que sexan) que dominou os meus pobos desde o 7 de marzo de 1820 ata hoxe 1 de outubro de 1823, declarando, como declaro, que en toda esta época carecín de liberdade”.